

Na lingua con orgullo



GALEGO
A MIRA LINGUA



**Deputación
DA CORUÑA**

Co lema **#NaLinguaConOrgullo** a Deputación da Coruña, a través da Área de Lingua, debullou unha escolma dalgúns dos máis comúns prexuizos que obstaculizan o uso da lingua galega con normalidade na vida cotiá das persoas.

Por que sempre pensamos que quen debe cambiar de lingua é quen fala galego e non quen fala castelán? Ese é precisamente un dos primeiros exemplos nos que repara a campaña **#NaLinguaConOrgullo** **#DesmontandoPrexuizos**, impulsada pola área de Lingua da Deputación da Coruña. Ao igual que nesa práctica dos galegofalantes, que deu nunha intensa ocultación social do galego, a campaña repara en moitas outras situacións que a cidadanía enfronta: as dúbidas das pequenas empresas e autónomos para encargar publicidade e materiais en galego, os desprezos acerca do uso da nosa lingua para falar de ciencia ou tecnoloxía, os reparos para usar o galego para mocear ou para crear contidos para as redes sociais etc. Estes e outros son algúns dos temas dos que se ocupa **#NaLinguaConOrgullo**.

#NaLinguaConOrgullo nace da convicción de que é urxente rachar con eses silencios impostos e reflexionar e debater sobre os prexuizos que levan ás persoas a renunciar á súa voz, obstaculizando a súa conexión coa lingua como parte da súa identidade.

Desmontando os falsos argumentos e embustes confrontamos con esa realidade que persiste nos contornos persoais e profesionais das persoas, muros invisibles que lles impiden ás veces o exercicio dun dereito fundamental: falar con liberdade, e sen autocensuras, a lingua propia de Galicia.

Nese sentido, a campaña, que inclúe á vez os cancelos **#NaLinguaConOrgullo** e **#DesmontandoPrexuizos**, quere contribuír á toma de conciencia sobre estas situacións e ser estímulo para que as persoas asuman un rol afouto e protagonista no futuro da lingua galega. **#NaLinguaConOrgullo** quere ser á vez ferramenta e convite. Unha chamada a recoñecer os prexuizos, desmontalos e, entre todos, desactivalos.

A reflexión sobre estas inercias é un chanzo necesario no camiño para que individual e colectivamente, comprendamos o seu impacto.


#NaLinguaConOrgullo súmase así ás iniciativas da área de Lingua da Deputación para dar alento e contribuír a unha sociedade respectuosa e orgullosa da nosa cultura e protagonista na dinamización da nosa lingua.

Noelia vai abrir unha canle en Youtube e, malia que é galegofalante, está pensando:

“Debera abrila en castelán”?



Hai un gran abano de canles integramente en galego tanto en Youtube como en TikTok ou outras redes, moi aplaudidas e que contan con milleiros de seguidores e gran éxito e relevancia. Hai milleiros de persoas agardando polo teu contido en galego na rede!



#NaLinguaConOrgullo
#DesmontandoPrexuízos

Carlos foi a unha notaría para tramitar a documentación relacionada coa compravenda dunha vivenda e pediu que todos os papeis estivesen en galego. O notario negouse con vagas escusas técnicas. Carlos buscou outra notaría, que lle redactou todo en galego.




O galego é unha lingua plenamente válida e eficaz para formalizar calquera documento. Calquera pode solicitar que os seus documentos notariais se redacten en lingua galega. Se o fas, axudas a normalizar o uso do noso idioma.



#NaLinguaConOrgullo
#DesmontandoPrexuízos



A Lucía faláronlle sempre en castelán na casa. Chegando á adolescencia quixo comezar a falar galego, pero sentía vergonza polo “que dirán”.




Cando tivo que trasladarse da vila á cidade para estudar outra especialidade de Bacharelato, non o dubidou: falar diante de persoas que non a coñecían de antes axudoulle a dar o paso. Agora fala galego sempre, tamén na súa propia vila.



#NaLinguaConOrgullo
#DesmontandoPrexuízos

Xurxo sempre cambiaba ao castelán cando tiña que falar cunha persoa inmigrante. Un día, un veciño chegado de Guinea Ecuatorial pediulle que lle falase galego porque necesitaba aprendelo por traballo e porque sentía estar máis integrado sendo capaz de introducir palabras galegas na conversa.




Cambiar de lingua en función da orixe ou dos trazos racializados dunha persoa é un prexuízo que crea barreiras innecesarias. Falarlle galego a quen acaba de chegar ao noso país é bo en prol da cohesión social e faille máis doada a adaptación.



#NaLinguaConOrgullo
#DesmontandoPrexuízos

Álvaro pensa que é un atranco para a aprendizaxe de seu fillo ter materias en galego ademais do castelán.



Aprender galego é un problema e castelán non? Por que pensar iso? Son claros prexuizos a desbotar: os estudos demostran os efectos positivos da escolarización en varias linguas no desenvolvemento do alumnado. Por exemplo: reforza a capacidade de abstracción e favorece a adquisición de contidos relacionados coas matemáticas.



#NaLinguaConOrgullo
#DesmontandoPrexuizos

Xan escoitou erroneamente que os países máis avanzados tenden a educar nunha soa lingua: a máis falada a nivel estatal.



Pola contra, a realidade é que os modelos de ensino plurilingüe e atención a linguas minorizadas son desde hai décadas referencia en todo o mundo. Así sucede en Finlandia ou Islandia (con altísima ratio de lectura por habitante).




#NaLinguaConOrgullo
#DesmontandoPrexuizos

Verónica fala galego habitualmente, pero considera que o educado cando alguén se dirixe a ela en castelán é cambiar de lingua e responderlle en castelán.



Por que sempre pensamos que quen debe cambiar de lingua é quen fala galego e non quen fala castelán? É un prexuízo claro e a realidade e as investigacións advirten que esa práctica dos galegofalantes deu nunha intensa ocultación social do galego. Non hai razón para ese cambio!




#NaLinguaConOrgullo
#DesmontandoPrexuízos






Carla xestiona unha pequena empresa e sempre encargou a publicidade e materiais impresos en castelán. Agora cavila pasar a usar o galego, pero non está segura de como percibirán o cambio os clientes.



A lingua galega é perfectamente válida para anunciar calquera tipo de produto ou servizo. E os datos dos estudos demostran que a cidadanía é ampla e maioritariamente favorable á publicidade en galego.



#NaLinguaConOrgullo
#DesmontandoPrexuízos



A filla de Manuel quere escoller lingua portuguesa como optativa, pero Manuel pensa que iso será unha perda de tempo e que debería elixir outra materia.



Alén do rico patrimonio cultural compartido, o vencello entre as dúas linguas abre a porta ao alumnado galego a grandes oportunidades de futuro. A lusofonía é un espazo económico vigoroso e en auxe: a sexta lingua máis falada do mundo.



#NaLinguaConOrgullo
#DesmontandoPrexuizos

Raúl pensa que nun mundo globalizado non ten sentido apostar por linguas con menor número de falantes e di que debemos falar a lingua con máis falantes.



A lingua con máis falantes nativos é o chinés mandarín. Deberíamos entón falar todos chinés? Nun mundo global é importante non caer na homoxeneización: a diversidade lingüística e o respecto por todas as linguas é un valor fundamental nun mundo globalizado.



#NaLinguaConOrgullo
#DesmontandoPrexuizos



Xil di que é un atraso impartir materias como Química ou Física en galego e argumenta que a nosa lingua non vale para falar de ciencia e tecnoloxía.



Sabías que mesmo unha decena de doutores e enxeñeiros galegos vencellados ao CERN, un dos máis prestixiosos centros de investigación no mundo, rexeitou con contundencia ese tipo de afirmacións? “Estamos acostumados a ter conversas de alto nivel científico de temas moi diversos en galego”, subliñaron.

#NaLinguaConOrgullo
#DesmontandoPrexuizos



Denís é galegofalante,
mais agora que comezou
a ir a discotecas na fin
de semana, non se atre-
ve a falar galego cando
establece contacto con
alguén que lle gusta.



Dille a Denís que vai levar unha
sorpresa coa cantidade de xente,
tamén castelán falante, que atopa
atractivo que lle falen en galego. A
súa aposta polo galego demostrará
autenticidade, autoestima, segu-
ridade e confianza propia. Moitos
puntos extra!



#NaLinguaConOrgullo
#DesmontandoPrexuízos



Elisa non se decide a usar o galego nesa aula onde ten un profesor que sempre fala castelán. Pensa que, se cadra, pódelle baixar a nota.


Lémbralle a Elisa que ten todo o dereito a expresarse en galego. E seguro que o docente, aínda non falando galego, ten unha percepción positiva respecto do galego. Ademais, a súa iniciativa ao facelo pode animar a compañeiras/os a dar o mesmo paso!



#NaLinguaConOrgullo
#DesmontandoPrexuizos



Sara, coma toda a xente coa que comparte o chat de clase, escribe en castelán. Alguén dixo ao principio que había “xente de fóra” e mesmo as persoas galegofalantes renunciaron a usar o galego.




Seguro que esa “xente de fóra” está desexando ser “menos de fóra”. E mergullárense no galego é unha oportunidade perfecta e que paga a pena para a integración. Sara comprobou axiña como lles encanta que os feliciten polo seu afán para comunicárense en galego!

#NaLinguaConOrgullo
#DesmontandoPrexuizos



Paio e Ana teñen unha tenda de barrio nunha cidade galega e cambian ao castelán cada vez que entran clientes pola porta.


Explícalles que ninguén perdeu clientes polo galego. Ao contrario, os estudos demostran que os negocios que usan o galego teñen plus de simpatía entre a cidadanía. De feito, moitas exitosas campañas publicitarias demostraron que o galego ‘viraliza’ positivamente na rede e conecta coas persoas, independentemente do idioma que usen habitualmente.



#NaLinguaConOrgullo
#DesmontandoPrexuízos




María non usa a súa lingua na materia de Tecnoloxía porque a súa profesora imparte a materia en castelán e insiste en que esa é a lingua vehicular da aula.



A rapaza cóntao na casa e os pais coméntano con outras familias. Despois de se asesoraren, explícanlle ao alumnado que, independentemente da lingua na que se imparta a materia, teñen dereito a empregar a súa lingua con orgullo. Entre todas conseguen que o galego non estea á marxe do ensino tecnolóxico!

#NaLinguaConOrgullo
#DesmontandoPrexuízos





Zaida e Eloi soñan con poñer en marcha unha serie audiovisual de ficción que conta as andainas dun grupo de amigas universitarias. Teñen un borrador de guión en galego... pero hai quen lles di que iso é poñerlle cancelas ao proxecto.



Hai exemplos de series escritas e rodadas en galego con grande éxito tamén alén das nosas fronteiras. A nosa lingua non foi impedimento para que a serie 'O sabor das margaridas' triunfase en todo o mundo e a película 'O que arde' recibise premios internacionais de prestixio. O Carballo Interplay é exemplo de escaparate do talento dixital e audiovisual galego: o teu proxecto pode estar aí na próxima edición!

#NaLinguaConOrgullo
#DesmontandoPrexuizos



“Para que necesito o galego se xa podo facer o meu día a día sen dificultade falando só en castelán?”, pregúntase Alicia, recentemente chegada a Vigo desde Madrid.



Explícalle a Alicia que aprender galego non é renunciar ao seu castelán nativo. O galego non só lle abre novas oportunidades persoais e profesionais. Tamén lle abre a porta a toda unha rica cultura chea de ofertas de lecer das que gozar por exemplo no eido dos libros, o audiovisual ou a música.



#NaLinguaConOrgullo
#DesmontandoPrexuizos

Mario escoitou que o galego normativo é unha cousa artificial e imposta, e non a lingua real que falaban os seus avós.



O prexuízo anterior serviría para criticar calquera outro idioma. A realidade é que toda lingua estandarizada é unha construción ideal. Que haxa un modelo elaborado ao que se chegou co consenso dos expertos é útil e positivo, e non é escusa para non falar unha lingua.



#NaLinguaConOrgullo
#DesmontandoPrexuízos



Belén non quere
que a identifiquen
cunha formación
política por falar
galego.

Falar unha lingua, ao
igual que a defensa da
diversidade cultural,
da riqueza lingüística
dos pobos e do dereito
á identidade, é un valor
universal ao que todas
as persoas son benvidas,
independentemente da
formación política coa
que máis simpaticen. E o
normal é que unha forza
política galega defenda a
nosa lingua!



#NaLinguaConOrgullo
#DesmontandoPrexuízos



Século XXI: Hai aínda quen pense que falar galego é un problema? É importante reflexionar sobre os prexuizos e obstáculos que impiden ás persoas usar a lingua natural de Galicia, o principal elemento definidor da nosa identidade.

O galego é lingua de creación literaria e de cultura. E tamén de educación e ciencia. O galego é innovación e modernidade: co galego conectamos o pasado co futuro.

O idioma está moi vivo. Con autoestima e con orgullo, a lingua é unha forza para gañar o futuro.

#NaLinguaConOrgullo
#DesmontandoPrexuizos





Deputación
DA CORUÑA

